



MEDIDAS DE ACTUACIÓN DO I CONTROL DE MARCAS VILA DE NOIA

12 de decembro de 2020

Detállanse as medidas a ter en conta para que a competición se desenvolva dentro dos criterios sanitarios evitando así situacións de posibles contaxios da COVID-19; segundo o estipulado pola Secretaría Xeral para O Deporte na súa resolución de 15 de xuño de 2020, publicada no DOGA o 19 de xuño; as diferentes resolucións da Xunta de Galicia de medidas de prevención; o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo e o Protocolo básico de actuación do Estadio Municipal de San Lázaro do Concello de Noia.

1. O acceso a instalación farase pola entrada do fondo, a pegada á torreta de Vídeo Finish; os atletas poderán tamén acceder pola zona de Saída indicada no plano da instalación.

2. O acceso farase aportando a [Declaración Responsable](#) do Protocolo para previr a Covid-19. Manterase en todo momento a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo as indicacións do persoal da instalación e a sinalética posta ao efecto (haberá persoal da organización para o control do acceso). Os atletas deberán gardar o dorsal e entregalo en cámara de chamadas para recibir o seu dorsal.

3. O acceso a grada farase pola zona que está a continuación da entrada e se abandonará pola zona contraria seguindo en todo momento a sinalética indicada no chan da instalación. O acceso a instalación só está permitido a atletas, persoal organizativo, xuíces, adestradores e responsables dos clubs debidamente acreditados, empregando o seguinte [Formulario de Solicitud](#) ata o xoves 10 ás 22:00h

Acreditarase a un representante do Club (Delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Club, 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 adest.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 adest.; máis de 41 atletas, 1 delg. e 5 adest.

4. O sentido de circulación será único e indicado en todo momento coa sinalética presente na propia instalación.

5. Non haberá ninguén no anel que rodea a pista, soamente poderase estar na grada; estarase sempre sentado, coa máscara posta correctamente e non se poderán mover do seu sitio, salvo causa xustificada, (haberá persoal da organización para controlar as persoas da grada).

6. Establecerase unha espazo para prensa, con líquido hixienizante; os fotógrafos e operadores de cámara poderán acceder a pista.

7. É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

8. Na zona próxima á saída dos 200 ml habilitarase a cámara de chamadas. Os atletas poderán acceder pola porta de Saída hacia esa zona. A zona de quecemento estará ubicada xusto a carón da cámara de chamadas.

9. O quecemento farase coa máscara **posta**. O acceso a cámara de chamadas dende a grada farase pola zona que hai ubicada a carón da cafetería.

10. Para abandoar a cámara de chamadas sairase pola porta de SAÍDA e retornarase á grada pola porta de ENTRADA. Non se poderá circular noutras direccións.



11. O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso a ela de cada proba; entregárase alí a Declaración de Responsabilidade asinada polo atleta ou pola nai/pai ou titora/titor; **SEN ESTA DECLARACIÓN NINGÚN ATLETA PODERÁ TOMAR PARTE NA PROBA.**

No momento de recoller o dorsal respectarase a distancia de seguridade cos xuíces e persoal, a cargo do reparto e certificar o cumprimento do trámite da cámara de chamadas.

12. Haberá máscaras e líquido hixienizante, na cámara de chamadas, na meta, na grada e na Secretaría e as zonas que requiran os xuíces para a súa labor.

13. Todo o material que se comparta estará debidamente desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

14. Lémbrese que, as máscaras coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

15. A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do Estadio de San Lazaro do Concello de Noia; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

16. Para o uso de vestiarios e baños por parte dos atletas e xuíces estarase ao que dispoñan as normas e o persoal da instalación.

17. Aos espazos reservados para a organización da competición como: Secretaría, cámara de chamadas, zona de quecemento, zona de competición ou calquera espazo delimitado; so poderá acceder o persoal autorizado.

18. Para o desenvolvemento da propia competición seguirase o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo.

No caso de que no transcurso da competición unha persoa teña sintomatoloxía do virus SARS-CoV2, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde ao teléfono: 900 400 116; en caso grave ao 061. Neste senso considérase sintomatoloxía do virus SARS-COV2: febre, tose seca e cansanzo.

Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, dor de cabeza, diarrea, conxuntivites, perda do gusto ou olfacto, sen conxestión nasal; erupcións cutáneas ou perda da cor nos dedos das máns e dos pes; e dores musculares. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

En caso de detección dun positivo por COVID-19, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá de procederse ao aillamento nun local pechado, á colocación de máscara hixiénica ou cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

É importante para evitar situación de risco de contaxio: levar máscara posta, manter a distancia mínima de 1,5 metros entre persoas, non tocar cas mans a cara ou superficies susceptibles de ter carga vírica (pomos, interruptores, mesas, manillas, pasamáns); e limpar frecuentemente as mans con auga e xabón.

19. O incumplimento destas normas se porá en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.



RESUME PERSOAL VOLUNTARIO

2 persoas no acceso á instalación, 1 persoa na grada, 2 persoas na cámara de chamadas; 1 persoa na meta, 1 persoa no Portalón de saída a rúa Bolivia.

CARTELERÍA A EMPREGAR

- Información as persoas da grada.
- Sentido único de circulación de persoas e acceso aos diferentes espazos.
- Información a persoas na cámara de chamadas.
- Mantén a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- **Usar sempre a máscara, distancia de seguridade, lavar as mans.**

DISPOSICIÓN DA PISTA DE ATLETISMO: ESPAZOS IMPORTANTES E MOVIMENTO DAS PERSOAS, OBRIGADOS POLA COVID-19

